



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CPI ANTONIO ORZA COUTO

CURSO: 2º PRIMARIA

MATERIA: INGLÉS

DATA: 11 - 5 - 2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none">➤ Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos.➤ Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos e aplicarlos a unha produción escrita adecuada ó contexto.➤ Construír textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, para falar de si mesmo ou do seu entorno máis inmediato, utilizando un repertorio de códigos principalmente icónicos para a súa función comunicativa.➤ Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativa á situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.	<ul style="list-style-type: none">➤ Localiza palabras coñecidas no material visual empregado para nos libros da clase.➤ Emprega dicionarios de imaxes.➤ Relaciona de forma axeitada palabras escritas coa imaxe correspondente.➤ Empregar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.➤ Copia palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente.➤ Escribe cartas ou tarxetas que recibe calquera a partir dun modelo copiando algunhas palabras básicas e incluíndo debuxos ou fotografías.➤ Elabora carteis moi sinxelos cun modelo

2. Avaliación e cualificación	
AVALIACIÓN	<p>Procedementos:</p> <p>Durante este tercer trimestre lévarase a cabo unha avaliación continua dos progresos dos alumnos. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, ampliación das aprendizaxes so contarán de forma positiva en beneficio do alumnado.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>En relación co traballo do alumno, aplicarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As tarefas terán que ter unha presentación correcta, atractiva, e limpa dos escritos e traballos. Nos cadernos ou fichas aplicaranse as normas que o mestre lles explicou ao principio de curso. • Valorar a lingua como un medio de comunicación con outras persoas. • Empregar o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira. • Amosar curiosidade e interese en aprender unha lingua estranxeira. • As tarefas serán corrixidas de xeito dixital polo mestre. <p>Teráanse en conta aspectos como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Grao de esforzo de cada alumno. • Situación familiar que pode estar influíndo na motivación e no esforzo dun alumno. • Necesidades educativas que poidan presentar os alumnos. • Interese por realizar ben os seus traballos. • Outras circunstancias: enfermidade longa, ...
CUALIFICACIÓN FINAL	<ul style="list-style-type: none"> - Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas (calendario, expresións sobre o tempo atmosférico) ou nos libros da clase (título, paxinación, etc.). - Utiliza dicionarios de imaxes. - Relaciona de forma axeitada palabras escritas coa imaxe correspondente. - Emprega as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para iniciarse na lectura. - Copia palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente. - Elabora carteis moi sinxelos cun modelo.

	Valorarase a asimilación de contidos, tarefas e outros traballos realizados na casa, presentación e caligrafía das fichas.
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Cancións (songs) e xogos (games). • Actividades de lectoescritura (pencil activities in the Class Book). • Hisorias (stories). • Cut-outs. • Actividades de pronunciación (pronunciation activities).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Basándose nunha aprendizaxe significativa e tendo presentes os coñecementos previos do alumnado.</p> <p>As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións. A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos os alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.</p> <p>Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.</p>
Materiais e recursos	<p>O libro de texto utilizado é Big Surprise! de Oxford University Press</p> <p>Ademais empregaremos outros recursos materiais como:</p> <p>As actividades de Recursos do profesor:</p> <p>Mixed Ability Worksheets: con 4 niveis diferentes de actividades:</p> <p>Worksheet 1: Catch up: para revisión xeral.</p> <p>Worksheet 2: Support: para consolidación adicional.</p> <p>Worksheet 3: Reinforcement: para práctica adicional ao nivel do AB.</p> <p>Worksheet 4: Extensión: para un desafío maior.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Extra activity worksheets: picture & word cards, mini-libros, proxectos intercurriculares. <p>As actividades propostas no libro de actividades.</p> <p>.</p> <p>Material Dixital: Titorias, Páxinas web, Procesadores de texto, Ebooks, Blogs, <i>Google sites</i>.</p>